

## LT22 RADIO A COLIFATA



Dirección e guión: Carlos Larrondo.  
País: España.  
Ano: 2007.  
Duración: 94 min.  
Xénero: Documental.  
Producción: Loris Omedes.  
Música: Manu Chao.  
Fotografía: Carlos Larrondo e Laura Sigón.  
Montaxe: Alejandro Legido e Carlos Larrondo.  
Estrea en España: 4 Abril 2008.

### Sinopse

Hai máis de dez anos que os enfermos mentais do Hospital Psiquiátrico J.T. Borda, en Bos Aires, falan a través da súa propia emisora: Radio La Colifata. A súa visión do mundo quizais non sexa politicamente correcta, pero o interese polas súas opinións e o terapéutico do proxecto atraeron personaxes do talle do xornalista Lalo Mir e o cantante Manu Chao. Moitas radios latinas compraron os seus programas e varios psiquiátricos probaron a idea. Por fin "os tolos" teñen a palabra.

"LT22 Radio La Colifata" mostra o proxecto pioneiro do Hospital Psiquiátrico Borda (Bos Aires) de crear unha emisora para que os enfermos mentais poidan expresarse libremente e manteñan o contacto coa sociedade. Trátase dunha especie de terapia social que xa tivo os seus resultados e que fixo dos "colifatos" persoas admiradas no mundo das ondas. Un dos grandes apoios do proxecto é o cantante Manu Chao, colaborador habitual dos programas de La Colifata e promotor de varias iniciativas para axudar aos seus integrantes, dende un disco producido en Barcelona, ata un concerto benéfico nun estadio de fútbol.

O director do documental é un dos responsables dos vídeos de Manu Chao, Carlos Larrondo, que debuta no longo despois de traballar no equipo técnico doutros documentais como "Maradona", de Emir Kusturica. O documental percorre Arxentina, pero tamén outras capitais europeas que se sumaron á idea. LT22 Radio La Colifata entre outros Hospitais Psiquiátricos de Barcelona, Paris, Toulouse, Mantova e Trieste.

### “Entre Marbella e Torremolinos”

Mostra fotográfica de José Reigosa

Día 26 de Janeiro de 2012. Salón de actos Deputación Provincial. 20,00 horas.

